



OS ULTIMOS ARTESÁNS. (Arte e Artesanía)

THE WILD adica este espazo para aqueles que teñen o privilexio, a carga e o orgullo de formar parte de todo o proceso de creación do seu produto: dende o deseño e a selección de materiais ata a súa venda e distribución.

Pezas feitas por mans artesáns, pezas feitas para cumprir e durar.

Os artesáns están intimamente ligados a sustentabilidade por razóns evidentes. Son sempre xente cun compromiso moi forte co contorno que lles rodea. A súa casa e o seu taller, sen grandes instalacións. Os seus produtos mércanse, nos se consumen, están feitos para durar porque non queren saber da “obsolescencia programada”.

THE WILD volve a organizar nesta II edición este orixinal Mercadillo, caracterizado porque a técnica, oficio e creación desenvólvense a vista dos asistentes, e os artistas e artesáns expoñen as súas obras e produtos alí, creando un percorrido de patrimonio vivo.



CONVOCATORIA PARA ARTISTAS E ARTESÁNS.

BASES PARA A INSCRIPCIÓN.

1. DATAS E LOCALIZACIÓN.

O Mercadillo celebrarase nas datas 5 e 6 de Setembro no Merendeiro de San Miguel de Oia (Vigo).

2. PARA QUENES VAI DIRIXIDO.

Todos aqueles artistas e artesáns que sexan os orixinais creadores da súa obra e seus produtos.

Procuramos artistas e artesáns dos seguintes ámbitos:

- Oleiro (cerámica, barro, arxila, porcelana...)
- Carpinteiro, Ebanista (madeira)
- Canteiro, Tallista (pedra, cristal, metal, madeira, cobre, ferro...)
- Tapiceiro, textil (teas, bordados, roupa...)
- Ourive (xoias, reloxos, ouro, prata...)
- Luthier (instrumentos musicais)
- Florista (flores, plantas...)
- Perfumista (colonias, perfumes, xabóns, #ver...).
- Restaurador (mables, obxectos decorativos...)
- Pintores, escultores e artistas de calquería ámbito.
- Etc...



3. CRITERIOS DE **The Wild** SELECCIÓN.

O mercadillo de “Os Últimos Artesáns” estará composto por 30 postos a seleccionar de entre todos aqueles que cumplan os requisitos e o soliciten segundo as canles que propón The Wild.

A selección de artesáns obedecerá as premisas de Orixinalidade (na obra ou produto) e Creación (o proceso de construción, fabricación, execución deberá ser feito polo propio artesán)

THE WILD lle dará prioridade aqueles artesáns que dominan e traballan utilizando as técnicas tradicionais, aquelas que nos unen co noso pasado e a nosa cultura.

4. SOLICITUDE E PRAZOS.

Para entrar no proceso de selección deberase cubrir o documento adxunto no ANEXO I e enviar xunto cun dossier (info e fotos) da obra ou produtos elaborados polo artista/artesán en cuestión.

Esta documentación enviarase o email artesans@thewildfest.com para a valoración por parte da organización.

A data da recepción de solicitudes rematará o 01/09/2020. THE WILD porase en contacto persoalmente con cada artesán seleccionado para participar no mercadillo de Os Últimos Artesáns e formalizar a súa inscrición.

5. A INSCRIPCIÓN.



The Wild

Os Artistas/Artesáns seleccionados, deberán formalizar a inscrición no prazo dunha semán unha vez recibida debidamente a notificación para participar no mercadillo.

O **prezo da inscrición** será de **60 €** a ingresar na conta da Asociación THE WILD nº ES97 2100 6833 1402 0014 1333.

A inscrición farase efectiva unha vez abonadas as taxas correspondentes.

6. ESPAZO E INSTALACIÓN DO POSTO.

O mercadillo de Os Últimos Artesáns estará integrado no propio festival THE WILD.

As medidas standar dos postos será de 2.5x2.5. Calqueira outra necesidade poderase tratar coa organización.

Valorarase tamén a estética do posto e os seus materiais (contrucción ou decoración con elementos naturais).

ANEXO I

NOME:

.....

DNI

.....

TELEFONO

.....

EMAIL

.....

DIRECCIÓN

.....

MODALIDAD DE ARTESANAL

.....

BREVE DESCRIPCIÓN DA OBRA OU PRODUCTOS.

.....

CARACTERÍSTICAS e DESCRIPCIÓN DO POSTO A INSTALAR

.....

- ACOMPAÑADO DE UN PEQUEÑO DOSSIER DO ARTISTA /ARTESÁN E REPORTAXE FOTOGRÁFICO DA OBRA OU PRODUCTOS.